



OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2021
Técnico/a Superior de Sistemas e Tecnoloxías da Información

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

2. The second part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

3. The third part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

4. The fourth part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

5. The fifth part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

6. The sixth part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

7. The seventh part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

8. The eighth part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

9. The ninth part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

10. The tenth part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

11. The eleventh part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

12. The twelfth part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions.

1. "O ámbito de aplicación desta lei é a regulación das telecomunicacións, que comprenden a explotación das redes e a prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e os recursos asociados, de conformidade co artigo 149.1.21.ª da Constitución". A que lei se refire?

- A) Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- B) Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- C) Lei 56/2007, de medidas de impulso da sociedade da información.
- D) Lei 9/2014, xeral de telecomunicacións.

2. Marque a opción correcta segundo o estándar TIA-942 sobre a certificación "Tier".

- A) A certificación "Tier I" require o maior grao de dispoñibilidade e "Tier IV" o máis baixo.
- B) Para conseguir a certificación "Tier IV", os centros de datos deben acadar o 99,995 % de dispoñibilidade.
- C) Os centros de datos "Tier III" e "Tier IV" poden interromper a actividade para realizar tarefas rutinarias de mantemento.
- D) Todas as clasificacións "Tier" requiren a inclusión de sistemas redundantes, pisos elevados e xeradores de enerxía auxiliares.

3. Cal dos seguintes non é un criterio no que se basean as VLAN?

- A) Dirección MAC.
- B) IP de porto.
- C) Protocolo.
- D) Velocidade da conexión.

4. A compra pública innovadora:

- A) Consiste na compra pública dun ben ou servizo xa desenvolvido do que a administración non dispón por ser de recente creación.
- B) Consiste na compra pública dun ben ou servizo que non existe no momento da compra pero que pode desenvolverse nun período de tempo razoable.
- C) Non existe ese tipo de compra.
- D) É un proxecto de lei para desenvolver un novo tipo de compra.

5. Segundo ITIL v4, cal dos seguintes corresponde a unha tarefa da cadea de valor?

- A) Financiar
- B) Medir
- C) Redeseñar
- D) Planificar

6. A abreviatura DN na sintaxe LDAP fai referencia a:

- A) Distinguished Name.
- B) Domain Name.
- C) Digital Nomenclator.
- D) Detailed Name.

7. Referíndonos ás tecnoloxías sen fíos, cal das seguintes afirmacións sobre o protocolo IEEE 802.11ax é correcta?

- A) A velocidade máxima alcanzada con este protocolo é igual á que se consegue con IEEE 802.11ac e o número de dispositivos que poden conectarse simultaneamente é maior.
- B) O protocolo IEEE 802.11ax acadará menor velocidade de transmisión de datos que a IEEE 802.11ac.
- C) O protocolo IEEE 802.11ax pode operar nos rangos de frecuencia de 2,4 GHz e 5 GHz.
- D) O nome comercial do protocolo IEEE 802.11ax é "Wifi 7".

8. A tecnoloxía RFID pode traballar en catro rangos de frecuencia diferenciados, identificándose catro tipos de dispositivos atendendo a esta: equipos de frecuencia baixa (LF: 125 ou 134.2 kHz); de alta frecuencia (HF: 13.56 MHz); de frecuencia ultraelevada (UHF: 868 a 956 MHz); e de microondas (2.45 gigahercios). Atendendo ao uso de RFID no rango UHF, indique a resposta correcta:

- A) A regulación do uso das frecuencias UHF para RFID en España correspóndese co organización internacional TIA e está harmonizada a nivel mundial.
- B) A regulación do uso das frecuencias UHF para RFID en España está definida a través dunha normativa da Comisión Europea, que se traslada posteriormente á normativa nacional.
- C) A regulación do uso das frecuencias UHF para RFID en España non está recollida en ningunha normativa Española, e baséase nas recomendacións que emite o ETSI, o organismo europeo para a regulación das telecomunicacións.
- D) Todo o uso da tecnoloxía RFID para todas as frecuencias nas que opera están recollidas nunha normativa específica e baséase en estándares definidos por IHE.

9. Os sistemas CRM aplicados ao ámbito da saúde teñen como funcionalidade principal:

- A) Rexistrar datos clínicos dos pacientes.
- B) Rexistrar os episodios de hospitalización e as citas de consultas ás que debe acudir un paciente.
- C) Xerar campañas informativas que se dirixen a distintos grupos de usuarios do sistema de saúde, identificados en función de determinados datos asociados aos usuarios.
- D) Xerar procesos automatizados ou semiautomatizados a través dunha ferramenta que cunha interface gráfica, permite configurar distintos fluxos de traballo, e orquestrar a información entre distintos sistemas de información.

10. Comparando o modelo OSI e TCP/IP, cal das seguintes opcións é certa?

- A) O modelo TCP/IP non ten capa de aplicación.
- B) O modelo OSI non ten capa de presentación.
- C) O modelo TCP/IP non diferencia a capa de presentación.
- D) Ambos modelos teñen as mesmas capas.

11. Cales dos elementos enumerados a continuación se consideran necesarios nun esquema seguro de acceso remoto á rede dunha organización:

- 1) Acceso a unha plataforma de firma dixital para os usuarios da organización.
- 2) Mecanismos de control de acceso á rede: portais cautivos, uso do protocolo 802.1X, etc.
- 3) Autenticación de usuarios e autorización: asegura a identidade e autorización dun usuario mediante o uso de protocolos de autenticación.
- 4) Protección da conexión e integridade do tráfico: unha vez que se establece unha sesión, é necesario asegurar a confidencialidade e integridade do tráfico intercambiado entre as partes mediante cifrado.

A resposta correcta, que contén os tres elementos necesarios é:

- A) 1, 2, 3.
- B) 1, 2, 4.
- C) 1, 3, 4.
- D) 2, 3, 4.

12. Cal é a función principal do conxunto de ferramentas "PILAR" desenvolvido polo CCN-CERT?

- A) Xestión de Ciberincidencias en entidades no ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade.
- B) Almacenamento virtual de información (arquivos, mostras, aplicacións, etc.).
- C) Análise e xestión de riscos dun sistema de información.
- D) Auditoría do cumprimento do Esquema Nacional de Interoperabilidade.

13. Na metodoloxía MÉTRICA 3, a que proceso pertence a actividade de Definición de Arquitectura Tecnolóxica?

- A) Deseño do Sistema de Información (DSI).
- B) Análise do Sistema de Información (ASI).
- C) Planificación de Sistemas de Información (PSI).
- D) Estudo de Viabilidade do Sistema (EVS).

14. O Ministerio de Sanidade en colaboración coas Comunidades Autónomas desenvolveu un sistema compartido de historia clínica a nivel nacional, de forma que cando un paciente que ten datos na súa historia clínica en Galicia necesita atención sanitaria nunha Comunidade Autónoma distinta a Galicia, o profesional que está a realizar tarefas de atención sanitaria desde esa Comunidade pode acceder electronicamente aos datos clínicos que se rexistraron en Galicia do cidadán alí desprazado. Dado que os datos de saúde son datos de carácter persoal especialmente protexidos, é necesario que o profesional solicite o consentimento do cidadán para poder acceder aos datos do historial clínico en Galicia?

- A) Si. O profesional sempre debe informar ao cidadán de que está a realizar este acceso, e recoller nas súas anotacións que o cidadán lle outorgou o permiso de acceso.
- B) Si. O profesional debe informar ao cidadán de que está a realizar este acceso, e recollerá sempre un documento co consentimento do paciente que se debe escanear e incorporar ao historial clínico electrónico da Comunidade onde está a ser atendido.
- C) Non, cando se realice para levar a cabo a atención sanitaria das persoas, segundo o recollido no Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica en Galicia.
- D) Non, independentemente do motivo polo que se realiza o acceso, segundo o recollido no Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica en Galicia.

15. Cal é a misión de COBIT?

- A) Definir unha guía de boas prácticas para a xestión dos servizos de tecnoloxías da información.
- B) Concienciar aos responsables dos sistemas de información da existencia de riscos e da necesidade de detelos a tempo, ofrecer un método sistemático para analizar tales riscos.
- C) Promover un marco de control de goberno de TI autorizado, actualizado e aceptado internacionalmente para a adopción empresarial e o uso diario por parte dos xestores empresariais, profesionais de TI e profesionais de garantía.
- D) Proporcionar estándares para o intercambio, xestión e integración de datos que apoiem a atención clínica ao paciente e a xestión, execución e avaliación dos servizos sanitarios.

16. Cal das seguintes afirmacións é FALSA respecto ás arquitecturas Blockchain?

- A) Serven unicamente para almacenar criptomonedas.
- B) A transmisión de datos lógrase mediante redes de pares.
- C) A confirmación dos datos lógrase mediante un proceso de consenso entre os nodos participantes.
- D) É necesario o uso da criptografía para a súa implementación segura.

17. Un contedor Docker permite:

- A) Despregar aplicacións empaquetadas con todos os elementos que necesita para a súa execución de maneira controlada, para que na súa execución non interfiran entre si, aínda que accedan aos recursos do mesmo sistema operativo.
- B) Despregar unicamente aplicacións Java con todos os elementos que necesita para a súa execución de maneira controlada, para que na súa execución non interfiran entre si, aínda que compartan os recursos do mesmo sistema operativo.
- C) Despregar aplicacións de maneira controlada para que na súa execución non interfiran entre si, aínda que para cada despregamento necesítase unha instancia dedicada do sistema operativo.
- D) Un contedor Docker é un tipo de servidor de aplicacións que utiliza compoñentes Java denominados "contedores".

18. Que afirmación é correcta sobre o servidor web Apache?

- A) As directivas de configuración avalíanse sempre para cada petición de servizo.
- B) Hai dous tipos de directivas de configuración. Unhas aplícanse para cada petición recibida e outras só se aplican no arranque ou no reinicio do servidor.
- C) A directiva "Order" só permite seleccionar unha opción entre estas dúas: allow ou deny.
- D) As directivas definidas nos ficheiros de configuración poden aplicar a todo o servidor, ou especificarse a nivel de host, de directorio ou de ficheiro, pero non poden definirse a nivel de URL.

19. Dentro do modelo Entidade/Relación, como se representan os atributos que son chave primaria dunha entidade?

- A) Sublíñanse.
- B) Márcanse cun asterisco antes do nome do atributo.
- C) Escríbense en cursiva.
- D) Escríbense en maiúsculas.

20. Cal é a última revisión publicada e vixente da norma ISO 9001?

- A) ISO 9001:2000
- B) ISO 9001:2008
- C) ISO 9001:2015
- D) ISO 9001:2020

21. O sistema de almacenamento de datos que usa unha división dos datos a nivel de bloques distribuíndo a información de paridade entre todos os membros dun primeiro conxunto de discos, cuxo contido completo dúplícase en espello sobre outro conxunto de discos idénticamente configurado, coñécese como:

- A) RAID 007.
- B) RAID 15.
- C) RAID 35.
- D) RAID 50.

22. Cal das seguintes é unha ferramenta para a xestión de probas de software?

- A) Cassandra.
- B) Nginx.
- C) Blockchain.
- D) Jmeter.

23. Dentro do modelo Entidade/Relación, como se chama o concepto que indica o número de elementos ou instancias dunha entidade A que están relacionadas cunha instancia dunha Entidade B?

- A) Valor.
- B) Cardinalidade.
- C) Orde.
- D) Índice.

24. Nun datamart, as táboas que representan os conceptos de interese mediante os que os usuarios poderán traballar coa información correspóndense coa definición de:

- A) Táboa de Feitos.
- B) Táboa de Índices.
- C) Táboa de Carga.
- D) Táboa de Dimensións.

25. Cal dos seguintes é un protocolo non orientado a conexión?

- A) HTTP.
- B) UDP.
- C) FTP.
- D) TCP.

26. No ámbito dos equipamentos de hardware, cal dos seguintes NON se corresponde cun tipo de tecnoloxía de acceso a disco?

- A) IDE.
- B) SATA.
- C) SCSI.
- D) NTFS.

27. O período de tempo durante o que os prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza deberán conservar a información relativa aos servizos prestados de acordo co artigo 24.2.h) do Regulamento (UE) 910/2014:

- A) Será de 10 anos desde a emisión do certificado.
- B) Será de 5 anos desde a extinción do certificado ou a finalización do servizo prestado.
- C) Será de 15 anos desde a extinción do certificado ou a finalización do servizo prestado.
- D) Será de 10 anos desde o inicio do servizo prestado.

28. Cal dos seguintes NON se corresponde con axentes ou sistemas extintores autorizados e utilizados actualmente nos Centros de Proceso de Datos?

- A) Axentes fluorados FM200 / FE-13.
- B) Extinción mediante auga nebulizada.
- C) Helio.
- D) Novec 1230.

29. Que significan as siglas KPI no contexto dun caderno de mandos integral?

- A) Key Project Indicator.
- B) Key Price Indicator.
- C) Key Performance Indicator.
- D) Key Process Indicator.

30. Nun clúster failover Windows Server 2016, como se chama ao recurso no que se almacena a configuración do clúster?

- A) Quorum.
- B) Cluster.
- C) Config.
- D) Failover.

31. Cales son os tres elementos que segundo o PMBOK son interdependentes e deben manterse controlados nun proxecto?

- A) Prazos, equipo de traballo e custos.
- B) Equipo de traballo, prazos e valor gañado.
- C) Calidade, prazos e custos.
- D) Comunicación, planificación e custos.

32. Unha forma de seguridade tecnolóxica ou sistema de xestión que garante a administración de dispositivos móbiles, como Smartphones, Tablets e Laptops dentro da rede corporativa dunha organización é:

- A) MDM.
- B) BYOD.
- C) MAM.
- D) TCP.

33. Cal é a capa do modelo OSI máis alta na que operan un hub e un switch?

- A) Capa 1 e 2 respectivamente.
- B) Capa 2 e 3 respectivamente.
- C) Capa 3 e 2 respectivamente.
- D) Capa 3 e 1 respectivamente.

34. A expresión "Information Lifecycle Management" (ou "ILM") correspóndese cun concepto vinculado a procesos automatizados, que permiten a xestión eficiente do almacenamento da información dunha organización. Que técnica se emprega habitualmente dentro dun esquema ILM para aumentar a capacidade e dispoñibilidade da información?

- A) Técnicas de resizing.
- B) Utilización de punteiros ou ligazóns aos elementos de información para evitar duplicidades.
- C) Transformación dos datos a formatos vectoriais.
- D) Purgado de información mediante procesos de borrado automático.

35. Segundo a Lei 4/2019, a que órgano do sector público autonómico corresponde aprobar a creación ou supresión de novas sedes ou rexistros electrónicos?

- A) Á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA.
- B) Á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia.
- C) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) Ao Consorcio de Entidades Autonómicas e Locais de Galicia.

36. Onde se almacena a información da historia clínica dixital do Sistema Nacional de Saúde?

- A) A información almacénase en servidores instalados nun único CPD.
- B) O almacenamento de contidos primarios está distribuído territorialmente nos Servizos de Saúde do SNS: servidores de Historia Clínica Electrónica dos Servizo de Saúde e servidores de sistemas departamentais.
- C) A información almacénase na nube debidamente protexida.
- D) A información almacénase unicamente no CPD do Ministerio de Sanidade.

37. En MÉTRICA 3, cal é unha tarefa do proceso de Análise do Sistema de Información (ASI)?

- A) Aceptación da arquitectura do sistema.
- B) Especificación de casos de uso.
- C) Optimización do modelo físico de datos.
- D) Realización das probas unitarias.

38. Nun clúster activo–pasivo:

- A) Todos os nodos do clúster reciben a mesma parte de carga.
- B) Dispoñemos de dous nodos co mesmo servizo aos que os clientes se poden conectar indistintamente de xeito simultáneo.
- C) Os clientes conéctanse ao activo e os procesos de menos prioridade execútanse no pasivo.
- D) A carga asúmea un dos nodos e en caso de caída traspásase a outro nodo.

39. Cales son as claves da estratexia de backup 3–2–1?

- A) Manter copias da información en 3 discos independentes durante 2 meses en 1 servidor dedicado.
- B) Manter as copias da última semana en 3 medios distintos, do último mes en 2 e do último ano en 1.
- C) Manter 3 copias da información (2 copias + orixe) en 2 medios distintos e 1 delas almacenada nun lugar diferente ás outras 2.
- D) Non existe esa estratexia.

40. En relación coa tecnoloxía Intel Vpro, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Define un protocolo de visualización de escritorio.
- B) Permite a xestión remota e prestacións de seguranza nos ordenadores persoais.
- C) É un sistema de ficheiros na nube.
- D) É unha tecnoloxía de disco de estado sólido (SSD).

41. No ámbito da dispoñibilidade da información, que é o RPO?

- A) É a cantidade máxima de información que pode perderse cando o servizo é restaurado trala interrupción do sistema.
- B) É a cantidade máxima de tempo tolerable necesario para que todos os sistemas críticos volvan estar en liña.
- C) É a cantidade máxima de tempo tolerable que se necesita para verificar o sistema e/ou a integridade dos datos.
- D) É a cantidade total de tempo que un proceso de negocio pode interromperse sen causar consecuencias inaceptables.

42. Cal destes xestores de Bases de datos é NoSQL?

- A) SqlServer.
- B) MongoDB.
- C) Informix.
- D) Oracle.

43. Respecto ao software de fontes abertas (FLOSS) e á súa definición pola "Free Software Foundation", cal das seguintes afirmacións NON é correcta:

- A) Software libre é o mesmo que software gratuíto.
- B) Débese permitir a modificación dun programa.
- C) Débese permitir a distribución de versións modificadas dun programa libre.
- D) Debe existir a liberdade de executar o programa con calquera propósito.

44. No sistema de arquivos HDFS (Hadoop Distributed File System), cal das afirmacións NON é correcta:

- A) É un sistema de arquivos distribuído.
- B) HDFS deseñouse para xestionar arquivos grandes.
- C) HDFS require dun sistema RAID para conseguir fiabilidade.
- D) HDFS deseñouse para ser compatible con varios sistemas operativos e plataformas hardware.

45. En 2007 establecéronse os principios dos datos abertos (Opendata).

- A) Segundo eses principios os datos abertos serán completos, primarios, oportunos, accesibles, procesables por máquinas, non discriminatorios, non propietarios e libres de licenza.
- B) Non se estableceron principios para Opendata.
- C) Segundo eses principios establécense os protocolos para acceder aos datos protexidos.
- D) Segundo eses principios os datos abertos serán xestionados por Opendata Inc.

46. Dentro do conxunto de normas da familia ISO 27000, cal das seguintes afirmacións é a INCORRECTA?

- A) A ISO/IEC 270001 define os requisitos a cumprir para implantar un Sistema de Xestión de Seguridade da Información certificable que confirme a norma 27000.
- B) ISO/IEC 270002 úsase para crear o marco de seguridade da información na organización e ISO/IEC 270001 define os controis con moito máis detalle.
- C) ISO/IEC 270002 define boas prácticas para a xestión da seguridade dos sistemas de información dunha organización.
- D) ISO/IEC 270001 segue un modelo PDCA (Plan-Do-Check-Act).

47. Co fin de garantir un enfoque holístico da xestión de servizos, ITIL v4 destaca catro dimensións da xestión de servizos das que se debe considerar cada compoñente do Service Value System, cal dos seguintes NON corresponde a unha destas dimensións?

- A) Servizos e mellora
- B) Información e tecnoloxía
- C) Socios e provedores
- D) Procesos e fluxos de valor

48. Cal das seguintes opcións se considera unha Metodoloxía ou Modelo áxil?

- A) XML.
- B) Desenvolvemento impulsado por características (DIC).
- C) Modelo Entidade Relación.
- D) UML.

49. Dentro do ámbito do Deseño Orientado a Obxectos (DOO), que elementos definen un obxecto?

- A) A súa cardinalidade e tipo.
- B) Os seus atributos e métodos.
- C) A forma de establecer comunicación e intercambiar mensaxes.
- D) A súa interface e eventos asociados.

50. As redes de telefonía convencional baseadas en circuitos analóxicos son tamén coñecidas como redes:

- A) Spine-Leaf.
- B) SIP.
- C) PSTN.
- D) DWDM.

Preguntas de reserva

51. O protocolo TFTP:

- A) Usa unha segunda autenticación sobre a do protocolo TCP.
- B) Usa o servizo TCP sen autenticación.
- C) Usa o servizo UDP sen autenticación.
- D) Establece dúas conexións, unha polo porto TCP 21 e outra polo UDP 69.

52. Cal das seguintes ferramentas é unha solución MDM para BYOD?

- A) DeviceManager.
- B) Airwatch.
- C) Airsecure.
- D) ManOwnDev.

53. En ITIL v4, que é un cambio estándar?

- A) Un cambio que está entendido, documentado e preautorizado.
- B) Un cambio que precisa ser documentado e aprobado.
- C) Un cambio que non precisa de xestión de riscos porque é necesario para resolver un incidente.
- D) Un cambio necesario como parte da mellora continua.

54. W3C é:

- A) Un estándar de accesibilidade para a World Wide Web.
- B) Unha arquitectura para implementar un clúster de servidores Web.
- C) Un consorcio internacional que xera recomendacións e estándares que aseguran o crecemento da World Wide Web a longo prazo.
- D) Unha linguaxe de programación Web.

55. Segundo a norma ISO/IEC 27002, garantir que os usuarios autorizados teñan acceso á información e aos seus activos asociados cando sexa necesario, é o concepto de:

- A) Seguridade.
- B) Integridade.
- C) Disponibilidade.
- D) Confidencialidade.

56. En canto ás medidas de prevención contra un incidente de ransomware, cal será das seguintes a medida máis adecuada a tomar e que nos evitará, en caso de que o ransomware actuase, perder todos os datos ou ter que pagar o rescate por recuperar a información:

- A) Dispoñer dun bo sistema antispam xa que a maioría dos ransomware entran por correo electrónico.
- B) Dispoñer dun bo antivirus, pois o protexer os pcs é fundamental.
- C) Dispoñer de copias de seguridade fóra de liña.
- D) Dispoñer de shadow-copies activadas nos volumes de disco.

57. No ano 2017 apareceu un incidente de seguridade denominado WannaCry que aproveitando equipos Windows 7 non parcheados expandiuse moi rapidamente por todo o mundo afectando a importantes infraestruturas como de telecomunicacións ou de enerxía. De que tipo de programa maligno estaremos a falar:

- A) Adaware.
- B) Ransomware.
- C) Keylogger.
- D) Flooder.

58. Durante a toma de requisitos do proxecto de desenvolvemento dunha aplicación para a dixitalización de mostras tomográficas de tecido en anatomía patolóxica, identifícase a necesidade de que o sistema permita ao usuario realizar as operacións cun tempo de resposta moi rápido ao abrir a imaxe (Requisito 1). En segundo lugar recóllese a necesidade de que se apliquen diferentes paletas de cores para observar distintas estruturas celulares no tecido (Requisito 2). A que tipo se correspondería cada un dos requisitos?

- A) Tipo Requisito 1: "Requisito do Produto". Tipo Requisito 2: "Requisito Funcional".
- B) Tipo Requisito 1: "Requisito do Produto". Tipo Requisito 2: "Requisito do Produto".
- C) Tipo Requisito 1: "Requisito Funcional. Tipo Requisito 2: "Requisito Funcional".
- D) Tipo Requisito 1: "Requisito Funcional. Tipo Requisito 2: "Requisito do Produto".

59. Seguindo as especificacións do Modelo OSI, se tivesemos que implantar un servizo de conversión de formato EBCDIC a ASCII, en que nivel do modelo debería definirse?

- A) Nivel de Presentación.
- B) Nivel de Sesión.
- C) Nivel de Transporte.
- D) Nivel Físico.

60. Necesitamos implantar unha aplicación que demanda un sistema de almacenamento con disco moi rápido. Dos seguintes tipos de interface de unidades de disco, cal elixiríamos por ter o mellor rendemento e a máis baixa latencia?

- A) SATA.
- B) SAS.
- C) NVMe.
- D) SSD SATA3.

61. O sistema de información hospitalario do Servizo Galego de Saúde mantense nunha linguaxe de programación estruturada denominada Multibase. Necesítase implementar unha funcionalidade na que se quere xerar un documento PDF a partir dunha das opcións dun programa en Multibase. Que opción permite desde Multibase, xerar en tempo de execución, ficheiros en distintos formatos como PDF ou XML?

- A) Realizar unha chamada a un procedemento almacenado que xere o ficheiro PDF enviando parámetros desde o código de programa en Multibase.
- B) Incorporar código .NET con librerías que permiten xerar PDFs dentro da compilación dos programas de Multibase.
- C) Extraer a información da base de datos a través dunha ETL e xerar un documento PDF cos datos extraídos.
- D) Utilizar un conversor de ficheiros .txt a PDF a través dun cron en unix.

62. Falando de tecnoloxías de acceso e máis en concreto en redes de telefonía móbil, cal das seguintes é a que nos dará o menor ancho de banda para a conexión dun centro do Servizo Galego de Saúde?

- A) 5G.
- B) Edge.
- C) HSPA.
- D) GPRS.

63. Nun sistema UNIX, o comando `lpstat -d`:

- A) Devolve os traballos de impresión pendentes.
- B) Devolve a impresora por defecto do sistema.
- C) Deshabilita a cola de impresión.
- D) Devolve o `/dev` da cola de impresión.

64. Os sistemas principais de información que entran en xogo nas actividades asistenciais e de prevención e promoción da saúde son, por unha banda, o sistema poboacional e de Tarxeta Sanitaria, que xestiona a información definida no decreto 177/1995 con algunhas modificacións posteriores. Por outra banda, o sistema SIGAP, que xestiona principalmente as actividades e citas realizadas nos centros de atención primaria, e por último o sistema SIHGA, do que existen varias instancias despregadas para dar servizo a distintos centros e áreas sanitarias (algúns módulos de SIHGA están a ser actualizados e substituídos co sistema INSIS centralizado). Doutra banda mantense tamén o sistema VIXIA, que recolle todas as actividades de control epidemiolóxico e de control sanitario poboacional.

Vostede como responsable de proxectos de sistemas de información debe propoñer cal é o sistema que debe utilizarse para garantir a dispoñibilidade do teléfono móbil e doutros datos identificativos dos pacientes atendidos no sistema sanitario público. Cal destes sistemas sería o máis adecuado?

- A) O sistema INSIS, que debe manter os datos dos pacientes que acoden aos centros hospitalarios e por tanto debe manter sempre datos actualizados.
- B) O sistema SIGAP, para asegurar que todas as citas de pacientes que se dan en primaria diríxense e comunican correctamente ao usuario.
- C) O sistema de Tarxeta Sanitaria, que debe manter o censo de toda a poboación atendida polo sistema público de saúde.
- D) Ningún dos anteriores.

65. Se nunha granxa de servidores Windows activamos o NLB, que funcionalidade estaremos a habilitar?

- A) A funcionalidade de monitor de transaccións.
- B) A funcionalidade de servidor de informes.
- C) A funcionalidade de servidor de streaming nativo.
- D) A funcionalidade do balanceo de carga.

66. Juan necesita presentar en papel un documento asinado electronicamente, é correcto que imprima o documento e o presente onde sexa oportuno?

- A) Si, porque no documento en papel aparece a sinatura manuscrita impresa.
- B) Si, sempre que o documento impreso inclúa un mecanismo de validación CSV, coma por exemplo usar un CVE.
- C) Non, porque a sinatura electrónica é só para documentos electrónicos. Se quero presentalo logo en papel terei que asinalo a man enriba.
- D) Si, sempre que ao imprimir en papel engada o logotipo do organismo que o emite, que funciona como un selo.

67. O xefe de proxecto foi informado de que unha persoa que traballa no proxecto púxose de baixa, polo que esta tarefa atrasarase unha semana. Ao revisar o cronograma, identifícase que o camiño crítico non aumenta e o fin de proxecto non se verá afectado. Segundo PMBOK, que debería facer o xefe de proxecto?

- A) Tentará manter o cronograma aplicando medidas de continxencia como a de substituír á persoa.
- B) Modificará a liña base do proxecto e o cronograma, comunicándoo ao equipo de proxecto e solicitando a aprobación do patrocinador do proxecto.
- C) Modificará o cronograma e distribuirao ao equipo de traballo e ao patrocinador.
- D) Como o proxecto non sufrirá atrasos non é necesario realizar ningunha acción.

68. Se temos unha páxina web con extensión aspx, cal das seguintes respostas é a CORRECTA?

- A) Polo xeral serán páxinas web desenvolvidas en .NET de Microsoft.
- B) Maioritariamente serán páxinas web desenvolvidas en Java.
- C) Estarían a utilizar a tecnoloxía Windows Forms.
- D) Estarían a utilizar a tecnoloxía de desenvolvemento PHP.

69. Se nun centro de proceso de datos temos unha arquitectura spine-leaf composta por 2 switches de spine e 4 switches de leafs, cal das seguintes afirmacións será CORRECTA:

- A) Debemos conectar os 6 switches no mesmo rack por razóns de ancho de banda das conexións entre switches.
- B) Podemos conectar 1 switch de spine e 2 de leaf en racks diferentes, pero debemos obrigatoriamente conectar os spine entre si con anchos de banda moi altos.
- C) Podemos conectar os switches en calquera rack do CPD pero debemos obrigatoriamente conectar todos os leafs entre si.
- D) Podemos conectar os switches en calquera rack do CPD pero debemos obrigatoriamente conectar todos os leafs con todos os spine.

70. O Servizo Galego de Saúde ten previsto identificar oportunidades de mellora nos servizos de Tecnoloxías da Información. Baseándonos no enfoque de mellora continua de servizos de ITIL v4, que se recomenda utilizar?

- A) A análise de riscos.
- B) A cadea de valor.
- C) A base de datos do coñecemento.
- D) O rexistro de CSI (Continual Service Improvement).

71. Dada a taboa "vacinas" coa seguinte estrutura de columnas: nasi (número de identificación de cidadán), cod_punto_vacinacion (identificador do centro de vacinación), data_vacinacion e dose, que resultado devolve a seguinte consulta SQL?

```
select cod_punto_vacinacion, count(distinct nasi)
from vacinas
group by cod_punto_vacinacion
```

- A) Erro de sintaxe.
- B) Devolve o número de nasis diferentes vacinados en cada punto de vacinación.
- C) Todas as respostas son incorrectas.
- D) Devolve o número total de vacinas diferentes administradas a cada cidadán (NASI).

72. No sistema operativo Windows 10, a combinación de teclas Win+Pausa:

- A) Bloquea a sesión de Windows.
- B) Non ten efecto.
- C) Abre a xanela lateral de notificacións.
- D) Abre a xanela con información Acerca de con as especificacións do dispositivo e de Windows.

73. Nunha instancia de Mirth queremos importar unha nova canle e a continuación despregala. Dispoñemos do panel de moritorización (Dashboard) e o panel de canles (Channel), desde cal das dúas pantallas faremos cada tarefa?

- A) Importamos a canle desde o panel de monitoraxe e despregámolo desde o panel de monitoraxe.
- B) Importamos a canle desde o panel de canles e despregámolo desde o panel de canles.
- C) Importamos a canle desde o panel de monitoraxe e despregámolo desde o panel de canles.
- D) Importamos a canle desde o panel de canles e despregámolo desde o panel de monitoraxe.

74. Cal das seguintes consultas SQL é CORRECTA?:

A) select cod_punto_vacinacion, dose, count(*) from vacinas where cod_laboratorio="75" group by 1 order by 1

B) select cod_punto_vacinacion, dose, count(*)
from vacinas
where cod_laboratorio="75"
order by 1
group by 1

C) select cod_punto_vacinacion, count(*), dose
from vacinas
where cod_laboratorio="75"
order 1
group by 1

D) select count(cod_punto_vacinacion, dose)
from vacinas
where cod_laboratorio="75"
group by 1
order by 1

75. Se nun proxecto de desenvolvemento software estamos a usar a plataforma open-source SonarQube, para cal destas funcións será o seu uso principal:


- A) Controlar a calidade do código fonte.
- B) Usalo de servidor web.
- C) Ferramenta de desenvolvemento en .NET.
- D) Repositorio de código C# con control de versións.

76. Guillermo é un PSX ao que o Servizo Galego de Saúde contratou temporalmente. Para asinar o contrato xerado pola dirección de RRHH da área sanitaria contratante en formato electrónico (PDF), usará o seu DNIE. Segundo isto, seleccione a resposta correcta:

- A) Guillermo asinará o contrato usando a clave pública do certificado de firma do seu DNIE, xerando unha firma en formato XAdES.
- B) Guillermo asinará o contrato usando a clave pública do certificado de autenticación do seu DNIE, xerando unha firma en formato PAdES.
- C) Guillermo asinará o contrato usando a clave privada do seu DNIE, xerando unha firma en formato XAdES.
- D) Guillermo asinará o contrato usando a clave privada do seu DNIE, xerando unha firma en formato PAdES.

77. Nun proxecto web é necesario traballar con ontoloxías, que ferramenta das seguintes deberíamos empregar para a súa edición e manipulación?

- A) XML.
- B) Flutter.
- C) Protégé.
- D) OWL.



78. Nas tarefas de definición de receita electrónica definíronse varios diagramas de casos de uso. Ao converter ao formato PDF, nun deles perdeuse a lexibilidade da etiqueta das relacións entre os casos de uso da figura. Pode indicar cal sería o tipo de relación que falta na anterior figura na etiqueta na que se indica “RELACION NO IDENTIFICADA”?

- A) Xeneraliza.
- B) Inclúe.
- C) Escala.
- D) Condiciona.

79. Que entidades mestras son fundamentais e deben manterse sincronizadas entre os sistemas de información asistenciais e non asistenciais, para manter a coherencia na información agregada, necesaria para a xestión e o control económico a nivel hospitalario?

- A) Os grupos funcionais homoxéneos (GFH).
- B) As unidades de medida e de dispensación.
- C) Os códigos de identificación dos diagnósticos normalizados.
- D) Os códigos de identificación de procedementos asistenciais.

80. Nun CPD onde non teño cabina de almacenamento quero instalar unha solución software de virtualización de almacenamento en servidores. Cal das seguintes tecnoloxías utilizarei para isto?

- A) VMware Airwatch.
- B) VMware vSAN.
- C) Citrix vSphere.
- D) Citrix XenApp.

81. Para executar a consola de administración dunha instancia de Mirth Connect versión 2.2.3:

- A) Funciona unicamente coa versión 10 de Windows ou superior.
- B) Requírese un navegador web.
- C) Requírese ter instalada a máquina virtual de Java.
- D) Requírese acceso por escritorio remoto ao servidor no que está instalada a instancia.

82. Quérese despregar unha app realizada polo Servizo Galego de Saúde para dispositivos Android na plataforma Google Play. Desde que aplicación ou sitio web se accede para realizar o proceso de publicación da app?

- A) Desde a páxina Google Play Console, para o que é necesario darse de alta como desenvolvedor.
- B) Accédese desde a páxina de Google Play utilizando o menú que dá acceso ás opcións para desenvolvedores.
- C) Desde a contorna de desenvolvemento Android Web Application que integra o proceso de publicación de Apps en distintos repositorios de apps.
- D) Desde a consola de desenvolvemento Sergas App Developer.

83. Se nos estamos referindo ao modelo MVC aplicado a tecnoloxías Java, cal das seguintes combinacións sería a máis adecuada?

- A) Modelo – JSP, Vista – Java Bean, Controlador – Servlet.
- B) Modelo – Java Bean, Vista – JSP, Controlador – Servlet.
- C) Modelo – Servlet, Vista – Java Bean, Controlador – JSP.
- D) Modelo – Servlet, Vista – JSP, Controlador – SVG.

84. Á chegada a un centro sanitario, un paciente que sofre un trastorno cognitivo de Alzheimer e o seu familiar atópanse coa sala de espera chea. O paciente está desorientado e o seu coidador tenta manterlle acougado mentres esperan a súa quenda na consulta. Con todo, a situación non resulta cómoda dado que o paciente atópase cada vez peor. Con que tipo de tarxeta sanitaria podería conseguir, o coidador ou o paciente en caso de ser suficientemente válido, que se lle facilite o acceso inmediato á consulta cando tiveron chegado ao centro?

- A) Mediante a presentación dunha tarxeta sanitaria AA.
- B) Mediante presentación no mostrador do centro dun certificado médico indicando a patoloxía do paciente e a súa incapacidade para manterse á espera en lugares descoñecidos.
- C) Avisando ao médico ao pedir a cita a través da APP "SERGAS MOBIL".
- D) Ningunha das anteriores.

85. Nunha organización que dispón de múltiples elementos de seguridade que xeran eventos propios como poden ser firewalls, IPS, proxy, antivirus ou servidores, que ferramenta podemos implementar que nos recompila toda a información de forma centralizada para poder realizar unha análise profunda e poder correlar alertas provenientes de distintos sistemas:

- A) SIEM.
- B) WAF.
- C) Antispam.
- D) Escáner de vulnerabilidades.

86. Se na nosa organización queremos implantar unha estratexia de virtualización do posto cliente, que tipo de infraestrutura debemos implantar:

- A) VDI.
- B) VPN.
- C) HCI.
- D) VLAN.

87. Quérese establecer unha conexión a un directorio LDAP utilizando linguaxe de programación JAVA. A seguinte secuencia de código está incluída nunha aplicación:

```
Hashtable env = new Hashtable()
env.put(DirContext.INITIAL_CONTEXT_FACTORY, "com.sun.jndi.LdapCtxFactory");
env.put(DirContext.PROVIDER_URL, "http://69.114.1.134:389/dc=SERGAS,dc=LOCAL");
DirContext dirContext = null;
try {
dirContext = new InitialDirContext(env);
}
catch(NamingException ne) {
[...]
```

Se se executa este código fonte, cal será o comportamento da aplicación?

- A) Realizará unha consulta a través do protocolo LDAP a un servidor do dominio SERGAS.
- B) Conectará a un equipo externo que ten como hostname "com.sun.jndi".
- C) Obterá os nomes identificativos de usuarios SERGAS a través da sentenza "NamingException".
- D) Non se devolverá a consulta ao directorio mediante o protocolo LDAP xa que a chamada ao servidor de dominio debe facerse utilizando unha cadea de conexión que siga o formato "ldap://hostname:389".

88. Cal dos seguintes tipos de virus sería máis complicado ou imposible de analizar por un sistema de antivirus perimetral (antivirus en servidores de correo con sandboxing, antivirus en proxys de navegación con sandboxing):

- A) Virus de macro nun documento de Word con contrasinal de apertura do documento.
- B) Virus de arquivo coñecido nun documento exe.
- C) Virus de arquivo coñecido nun documento zip sen contrasinal.
- D) Virus de arquivo descoñecido ou de día 0 pero cun comportamento sospeitoso en execución.

89. Identifícase a necesidade de desenvolver unha nova aplicación para mellorar o control de medicamentos dun grupo de pacientes. O xefe de proxecto reúne ao seu equipo e encarga a un dos xestores de proxectos que realice as primeiras tarefas, aplicando a guía de PMBOK versión 6. Cal das seguintes tarefas deberá realizar na fase de inicio do proxecto?

- A) Establecer unha planificación para o proxecto.
- B) Identificar os custos do proxecto.
- C) Identificar os riscos.
- D) Identificar aos interesados.

90. Preténdese desenvolver unha nova aplicación web empregando tecnoloxías Adobe Flash. Como programador, indique a resposta correcta:

- A) Estas tecnoloxías están a potenciarse na actualidade para desenvolvemento de aplicacións web.
- B) Estas tecnoloxías non presentan vulnerabilidades inherentes ao modelo tecnolóxico empregado.
- C) Non hai alternativas mellores para o desenvolvemento de aplicacións web.
- D) Deben exporse outras alternativas non obsoletas para o desenvolvemento de aplicacións web.

91. O Servizo Galego de Saúde está preocupado polo funcionamento dun servizo de tecnoloxías da información. Dacordo a ITIL v4, que debería definir para poder especificar axeitadamente as responsabilidades do provedor de servizos?

- A) ROI.
- B) SLA.
- C) OCM.
- D) CSI.

92. Se estamos a recibir un ataque baseado en HTTP Flood que intenta inundar de peticións HTTP (GET e POST) as nosas aplicacións web, que tipo de sistema é o máis adecuado para protexernos e parar este tipo de ataques:

- A) Sistemas antivirus.
- B) Sistemas antispam.
- C) Sistemas de detección de intrusións (IDS).
- D) Sistemas anti-DDoS.

93. Se un servidor hardware dispón de 2 fontes de alimentación redundantes conectadas a un SAI diferente cada unha delas, que principio de seguridade informática estou a aplicar?

- A) Ningún, pois os principios de seguridade informática só aplican ao software e non ao hardware.
- B) Disponibilidade.
- C) Trazabilidade.
- D) Autenticidade.

94. Se queremos conectar á rede un centro co que sabemos que imos realizar moitas sesións de videoconferencia, cal das seguintes tecnoloxías de acceso será a menos adecuada polo patrón de tráfico destas videoconferencias:

- A) ADSL.
- B) FTTH.
- C) Metroethernet.
- D) Ethernet sobre fibra propia.

95. Se nun ficheiro aplicamos o algoritmo de resumo SHA1 destinado a detectar calquera cambio non autorizado na información contida, que principio de seguridade informática estaremos a aplicar?

- A) Trazabilidade.
- B) Confidencialidade.
- C) Disponibilidade.
- D) Integridade.

96. Se necesitamos vincular un enderezo MAC ou un enderezo físico cun enderezo IP, que protocolo debemos utilizar?


- A) UDP.
- B) SNMP.
- C) TCP.
- D) ARP.

97. Tras a adquisición dun novo equipo de espirometría, o servizo de pneumoloxía expón a necesidade de integrar no sistema de historia clínica os informes que xa se xeran en formato electrónico no equipo. Cal é a mensaxe HL7 que se debe construír para enviar ao sistema de historia clínica os resultados dunha proba?

- A) ADT^A11.
- B) ADT^A01.
- C) ORU^R01.
- D) OML^O21.

98. Quero montar unha rede de almacenamento con switches FC. Cal das seguintes NON é unha velocidade típica da contorna Fiber Channel:

- A) 8 Gb.
- B) 16 Gb.
- C) 40 Gb.
- D) 32 Gb.



99. Na imaxe anterior, correspondente á ferramenta Business Objects, se seleccionamos “Ver última instancia”:

- A) Accedemos á última versión da definición do informe.
- B) Accedemos ás estatísticas de tempos de execución do informe máis recentes.
- C) Accedemos aos datos da última actualización dun informe programado.
- D) Accedemos á última versión da definición da consulta que se executa.

100. Nunhas actuacións iniciadas en abril de 2020 pola Axencia Española de Protección de Datos en relación a unha app de seguimento de Covid promovida polo Goberno de Canarias, constátase que non se nomeou nin comunicou un delegado de protección de datos da Consejería de Sanidade do Goberno de Canarias. En vista disto e segundo o Regulamento de protección de datos, cal das seguintes accións é correcta:

- A) A axencia non adoptará ningunha acción sancionadora posto que o delegado de protección de datos non é requisito cando o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.
- B) A axencia impondrá unha sanción por non ter designado un Delegado de Protección de Datos.
- C) A axencia non impondrá unha sanción porque o actual Regulamento de protección de datos aínda non estaba en vigor en abril de 2020.
- D) A axencia non impondrá unha sanción pois considera que non se debe designar un delegado de protección de datos dado que non se cumpre o requisito marcado para iso no artigo 37 do Regulamento de protección de datos de tratamento a grande escala que requiran unha observación habitual e sistemática dos interesados.

101. Preténdese desenvolver un proxecto de integración dun novo sistema automático de dispensación cos sistemas de información hospitalaria, baseados en estándares. Cal das seguintes é a primeira tarefa que debe realizar vostede como parte do equipo de integración do Servizo Galego de Saúde?

- A) Buscar as mensaxes de intercambio correctas en HL7 V1.5 para comunicar movementos de medicación entre sistemas.
- B) Revisar os distintos dominios no marco IHE para identificar un marco de referencia que recolla os estándares de intercambio de datos a utilizar.
- C) Implementar a mensaxería HL7 sobre un sistema ESB de integración.
- D) Revisar a parte do estándar DICOM dedicada a integración de equipos de dispensación.

102. Referíndonos a medidas de protección ante malware avanzado, se necesitamos na nosa organización unha ferramenta que se poida aplicar aos postos cliente e que nos permita realizar unha análise forense, permítanos detectar ataques en tempo real e responder de maneira rápida e efectiva a eses ataques, que tipo de ferramenta deberá implementar:

- A) EPP.
- B) EDR.
- C) Antivirus tradicional.
- D) Sandbox.

103. O Servizo Galego de Saúde estase a plantexar mellorar as capacidades semánticas da súa páxina web para que as aplicacións poidan comprender o seu contido, relacionar a información e favorecer a interrelación de recursos. Desde o punto de vista arquitectónico, cal dos seguintes estándares debemos utilizar?

- A) Hypertext Mark-up Language (HTML).
- B) Resource Description Framework (RDF).
- C) Unified Model Language (UML).
- D) Fast Healthcare Interoperability Resources (FHIR).

104. No Hospital Xacobeo vaise adquirir un equipo para realizar electrocardiogramas con capacidades DICOM nativas, usando o estándar DICOM Waveform Interchange. Solicitouse ao servizo de informática que verifique a compatibilidade do novo equipo co PACS do hospital, que terá que verificar para garantir que o PACS é capaz de almacenar estudos de electrocardiografía en formato DICOM nativo?

- A) Verificar que no DICOM Conformance Statement do PACS aparece como soportada a marca e modelo do novo equipo.
- B) Verificar que no Dicom Conformance Statement do equipo aparece como servizo DICOM soportado o DICOM GeneralECGWaveformStorage.
- C) Verificar que os SOP Class UID para o almacenamento de obxectos de electrocardiografía (como SCU) declarados no Dicom Conformance Statement do novo equipo, aparecen como SCP no Dicom Conformance Statement do PACS.
- D) Verificar que no Dicom Conformance Statement do novo equipo aparece como servizo DICOM soportado o DICOM Storage.

105. Estamos a instalar un sistema de almacenamento baseado en IP con múltiples nodos de computación/almacenamento (servidores) no que para aforrar cableado poñerémolle uns switches no mesmo rack conectando todos os nodos dese rack e cuns uplinks ao core da rede. Para instalar isto estaremos a falar dunha topoloxía de switches:

- A) ToR.
- B) EoR.
- C) Spine.
- D) MoR.

Preguntas de reserva

106. A Axencia Española de Protección de Datos recibe unha reclamación dun paciente dunha clínica privada que exerceu o dereito de acceso o seu historial clínico existente na devandita clínica e non se lle deu resposta. Ante isto, cal das seguintes afirmacións sería correcta:

- A) A Axencia estima a reclamación formulada xa que non se deu resposta expresa á solicitude de acceso.
- B) A Axencia desestima a reclamación formulada xa que o acceso á historia clínica está regulado pola Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.
- C) A Axencia desestima a reclamación formulada xa que os datos de saúde son datos especialmente protexidos segundo o Regulamento de protección de datos e a clínica privada debe gardar o deber de segredo sobre os mesmos.
- D) A Axencia desestima a reclamación formulada pois a clínica privada non se atopa nos casos no que deba designar un Delegado de Protección de Datos.

107. Indique cal dos seguintes enderezos IPv6 é válido:

- A) 2031:0:130F::9C0:876A:130B
- B) 2001:0DB8:0000:130F:0000:0000:08GC:140B
- C) 2001:0DB8:0:130H::87C:140B
- D) 2031::130F::9C0:876A:130B

108. Nun sistema UNIX, como se poden copiar estruturas completas de directorios?

- A) Co comando cp utilizando o parámetro -R.
- B) Co comando xcopy.
- C) Co comando mv e o parámetro -x.
- D) Co comando cp utilizando o parámetro -D.

109. Se implantamos ferramentas de seguridade informática para protexer os sistemas de invasións, intrusións e accesos por parte de persoas non autorizadas, estaremos a aplicar o principio de:

- A) Pitágoras.
- B) Transparencia.
- C) Resalencia.
- D) Confidencialidade.

Actividade	Precedencia	Tempo
a	-	3
b	-	8
c	-	3
d	a	2
e	a	5
f	c	5
g	b, d	6

110. Vostede é o Project Manager dun novo proxecto e descubriu as dependencias entre as actividades para desenvolver no proxecto que se mostran na táboa precedente. En base á duración e dependencia das tarefas, cal sería o camiño crítico deste proxecto?

- A) O formado pola secuencia de tarefas b, g.
- B) O formado pola secuencia de tarefas a, c, f, e.
- C) O formado pola secuencia de tarefas a, e, f.
- D) O formado pola secuencia a, d, g.